



UNHA CASA CON PROBLEMAS

Unha noite a súa nai achegouse ata a cama da nena e espertouna:

- Ven, é un espectáculo marabilloso. Non fagas ruído, para que non esperte papá.

Marta ergueuse e foi canda ela ata a terraciña. O ceo estaba excepcionalmente nítido e víase, aínda sen telescopio, unha inmensa cantidade de estrelas.

- Mira – díxolle Clara -. Agora teño enfocada a constelación de Orión. Verdade que é fermosa?

Marta mirou polo visor do telescopio. Tratou de ver aquela constelación da que falaba a súa nai, pero só puido ollar unha gran cantidade de estrelas espalladas polo fondo negro do ceo.

- Vexo estrelas, pero non sei a cales lles chamas ti Orión.

Clara, entón, prendeu a lanterna e debuxou nun papel a forma que tiña a constelación.

- Xa a vexo ! Desta vez, si!- dixo Marta, ó cabo dun pouco tempo.

A súa nai continuou localizando estrelas e constelacións durante moito tempo. A iso das catro decidiron ir deitarse. A súa nai acompañouna ata o cuarto e axudoulle a meterse outra vez na cama. Cando xa se ía dixo:

- E a ver se mañá, cando te ergas, recolles os libros, non me gusta nada que teñas todo así.

Marta mirou para a súa librería. Os andeis estaban case baleiros e os libros aparecían todos tirados polo chan, espaxados en pequenos montóns. Pero Marta non fixera tal cousa. Estaba segura de que quedarán ben colocados nos andeis cando se deitara. Como era posible que estivesen agora no chan?

1º Responde.

Cal é o motivo polo que Clara levanta a Marta da cama?

Como se chama a constelación que ían ver?

Por que lle rifa a súa nai a Marta?

Como se chama o aparello co que miran as estrelas?

**PROBA LINGUA GALEGA 4º
2º TRIMESTRE**



2º Pon (V) de verdadeiro ou (F) de falso nas seguintes oracións.

— Marta espertou a súa nai para ver as estrelas. ____

— O pai de Marta estaba durmindo. ____

— Clara é a nai de Marta. ____

— Viron as estrelas cun prismático. ____

3º Localiza e escribe os catro verbos do seguinte texto correspondente a unha parte da lectura.

Marta mirou polo visor do telescopio. Tratou de ver aquela constelación da que falaba a súa nai, pero só puido ollar unha gran cantidade de estrelas espalladas polo fondo negro do ceo.

4º Indica o infinitivo, tempo verbal (PRESENTE, PASADO OU FUTURO), número e persoa dos seguintes verbos.

VERBO	INFINITIVO	TEMPO VERBAL	NÚMERO	PERSOA
comeredes				
escribirás				
lin				
falamos				